

CURTAS BUSTER KEATON: O GARDACOSTAS + A BARCA + O CHIBO

1431

Buster Keaton, 1921

ESTREA EN NUMAX: 21.12.2024 | V.O.S.E. | TP | 70 min

O GARDACOSTAS

Buster é expulsado dun tren preto dun parque de atraccións. Alí consegue traballo nunha parada de tiro ao branco, cuxo dono é o xefe dunha banda de criminais. Cando este lle ordena a Buster que asasine un home de negocios, encargarase de protexelo a el e á súa filla

A BARCA

Buster Keaton marcha coa súa esposa e os seus dous petís a probar o seu barquiño recién construído coas súas propias mans. Pero nada máis saír de casa, ten o primeiro incidente, o barco é máis grande que a porta do garaxe, o que provoca que toda a casa se veña abaixo. Logo irán botar o barco e a navegar, pero van ser sorprendidos por unha gran treboada.

O CHIBO

Tras ser confundido co famoso foraxido Dead Shot Dan, Buster Keaton é perseguido por toda a cidade polo xefe da policía local. Buscando un lugar onde agocharse, refúxia en casa de Virginia, sen saber que a moza é a filla do xefe de policía.



CURTAS BUSTER KEATON: O GARDACOSTAS + A BARCA + O CHIBO

Buster Keaton, 1921

EUROPA
CINEMAS
Creative Europe MEDIA

O cómico que non sabía rir

Por Àlex Montoya

Sabía ben o que quería cando rodaba. Por iso, aínda que o facía sen guión, dirixía e controlaba as súas películas. Pensábaas, pero no día a día improvisaba moito, inventaba sobre a marcha. Gustáballe ter un codirector, pero el dirixía. Buster era ao mesmo tempo reflexivo e espontáneo. Na vida e no traballo. Así lembraba Eleanor Morris, a súa terceira e última esposa, a Joseph Frank Keaton (Piqua, Kansas, 1895-Los Ángeles, 1966), supostamente rebautizado Buster por Harry Houdini. O mítico mago compartira escenario con The Three Keatons que formaba a familia do entón mocísimo artista. E unha das clásicas caídas do neno fíxolle exclamar “What’s a Buster!” (que podería traducirse como “vaia leñazo!”). Verdade ou lenda, o caso é que o propio actor contouna unha e outra vez, cando volvía a vista ás súas orixes.

“Practicamente nacín nos escenarios. Crieime entre bastidores vendo traballar ao meu pai e os seus compañeiros. Grazas a esta experiencia, aos 20 anos xa era todo un veterano”. O teatro de vodevil foi a escola dun Keaton que o aprendeu todo sobre trompazos e humor físico. Despois, cando se lle abriron as portas desa nova forma de entretemento chamada cinema, aplicaríaa toda esa aprendizaxe ante a cámara. E ampliaríaa cun extraordinario dominio do gag e unha mirada sorprendentemente moderna, imaxinativa, mesmo lírica que o convertería nun dos cineastas máis creativos e revolucionarios da historia. Do mesmo xeito, o Keaton cómico patentou a súa marca de fábrica: non rir xamais ante o público. “No teatro deime conta de que os espectadores se esmendrellaban cando ficaba quieto e serio, mirándoos con cara de sorpresa”.

Se houbo alguén a quen se pode etiquetar como o seu descubridor para o cinema, ese foi Roscoe Fatty Arbuckle. “Todo o que sei aprendino del”, afirmaríaa despois. Tras facerlle unha proba, contratouno inmediatamente e colaboraron nunha vintena de películas, entre curtas e longas. Outro nome chave na súa traxectoria foi o produtor Joe Schenck, que o contratou para dirixir as súas primeiras curtas de dúas bobinas e, posteriormente e coa súa carreira en claro ascenso, a súa primeira longa, *As tres idades* (1923) que, aínda que coasinaada por Edward F. Cline, ten o inconfundible selo de Keaton. O noso home aclarábao: “Eu elaboraba os guións e seleccionaba os gags. Cando traballaba cun codirector, el podía controlar se todo o que preparáramos antes de filmar se desenvolvía segundo o previsto. Esa era a súa función.”

En 1928 asinou un contrato coa Metro Goldwyn Mayer, que o cómico sempre considerou como o maior erro da súa carreira. A pesar de empezar con bo pé (*O Cameraman* foi un éxito de público e crítica), a implantación do sonoro, a evolución dos gustos do público, as dificultades de adaptar a todo iso ao eterno personaxe de pallaso serio que construíaa durante tanto tempo, e o obrigado servilismo ás imposicións da produtora truncaron a súa carreira.

Todo iso, sumado ao seu alcolismo fixo que a súa estrela entrase nun claro declive. Rescatado a principios dos 50 pola televisión e a publicidade, Keaton reconvérteuse na mesma vella gloria á que daba vida n'*O crepúsculo dos deuses* (Billy Wilder, 1950) e mesmo Charles Chaplin, o seu vello opoñente, inclúe a Buster nun emotivo papel de *Candilexas* (1952). Ríos de tinta téñense escrito sobre a súa rivalidade, porén, en 1965 Buster declara “Charlie foi o mellor”.

Publicado en fotogramas.es

NUMAX
numax.org